



MODEPEN

Movement Galego pola
Defensa das Pensións e os
Servizos Públicos

AS IDEAS QUE NOS UNEN

Documento Marco

Movement Galego pola Defensa das
Pensións e os Servizos Públicos
(MODEPEN)

2023



INTRODUCCIÓN.

As catro fases do movemento social en defensa das pensións públicas.

1ª FASE.

No máis duro da Crise Financeira Global (CFG), a Comisión Europea premeu aos gobernos de Rodríguez Zapatero e Mariano Rajoy para aprobaren en 2011 e 2013 dúas reformas do sistema de pensións que tiñan como obxectivo reducir as pensións actuais e futuras para relanzar os fondos privados de capitalización.

No ano 2017 a prensa encheuse de novas e artigos de opinión sobre o esgotamento do Fondo de Reserva da Seguridade Social. Presenciabamos unha campaña sobre a inviabilidade do sistema público de pensións de reparto baseado na solidariedade entre xeracións de traballadoras e traballadores. Os medios de persuasión de masas, dirixidos polos departamentos de estudo dos bancos e aseguradoras, preparaban o terreo para un importante recorte das pensións públicas.

Un grupo de pensionistas e activistas en defensa das pensións públicas decidiron organizarse para defender os dereitos adquiridos e frustrar os plans da Comisión Europea ao servizo das entidades financeiras privadas e os designios estratéxicos do Banco Mundial e o Fondo Monetario Internacional. O resultado foi a creación do Movemento Galego en Defensa das Pensións Públicas (MODEPEN), un movemento social para informar, crear conciencia e mobilizar.

Durante meses MODEPEN organizou charlas informativas en numerosas cidades e vilas galegas que serviron para contactar con centos de persoas pensionistas. MODEPEN, organización soberana de ámbito galego, participou activamente na constitución da Coordinadora Estatal pola Defensa do Sistema Público de Pensións (COESPE), un instrumento de coordinación das plataformas que agromaban nas nacións e autonomías do Estado español como expresión organizada do Movemento Social en Defensa das Pensións Públicas (MSDPP).

MSDPP está integrado polo conxunto de organizacións que se veñen mobilizando desde antes de 2018 para defender o poder adquisitivo das pensións e o sistema público de seguridade social fronte ás propostas de privatización que promoven o Banco Central Europeo, a Comisión Europea e o Banco de España. É un movemento plural sobre tres eixos de actuación: organización, información e mobilización. Mantén unha presión constante que se fai masiva en momentos puntuais.

2ª FASE.

Nos orzamentos de 2018, o Goberno de Mariano Rajoy aprobou unha suba das pensións do 0,25%. A carta remitida pola ministra Fátima Báñez foi recibida por 700 mil pensionistas en Galiza e 9 millóns en todo o Estado como un insulto intolerábel e desencadeou un ciclo de mobilizacións de enorme amplitude. O traballo de información, creación de conciencia e organización desenvolvido frutificou. En poucos meses a mobilización conseguiu éxitos extraordinarios. En 2018, 3 millóns de pensións subiron un 3%, gañando poder adquisitivo. En 2018, 2019 e 2020 as pensións actualizáronse de acordo co IPC en 2021 e 2022 a suba das pensións foi inferior ao IPC. En 2023, a suba do



8,5% foi superior ao IPC, a 31 de decembro, do 5,7%. Ademais, paralizouse a aplicación do factor de sostibilidade e do índice de revalorización das pensións. O movemento das persoas pensionistas conseguiu desarticular a ofensiva do capital financeiro para apropiarse dunha parte das cotizacións sociais.

Mudamos o marco do debate. O Goberno aceptou subir as pensións segundo o IPC medio acumulado. As forzas políticas á súa esquerda asumen, con distinta intensidade, as propostas do MSDPP. Só os partidos da oposición reclaman a práctica conxelación do poder adquisitivo das pensións.

MSDPP foi o primeiro en derrotar a ofensiva neoliberal capitalista posterior á CFG. Debemos sentirnos orgullosas e orgullosos.

En 2019 o Parlamento europeo aprobou un novo produto financeiro, o Produto Paneuropeo de Pensións Individuais, para promover os fondos privados de capitalización. MODEPEN e COESPE organizaron unha campaña para esixir que o Parlamento europeo rexeitase a proposta. Numerosos concellos, deputacións provinciais, cabidos insulares e outras institucións aprobaron mocións rexeitando o PEPP. A campaña provocou que o PSOE se abstivese na votación no Parlamento europeo, aínda que o PEPP foi aprobado. Probabelmente, de existir unha campaña semellante noutro Estado da UE, o PEPP non sería aprobado. Esta experiencia móstranos que o MSDPP, para dar e gañar algunhas batallas, necesita estruturas de colaboración alén dos marcos estatais.

3ª FASE.

A ruptura da conxelación das pensións provocou dous efectos:

Desmobilizou á parte non organizada do movemento. Centos de milleiros de pensionistas, que se mobilizaran pola revalorización anual das súas pensións segundo o IPC, deixaron as rúas.

Esta desmobilización fixo que na parte organizada do movemento se exaxerasen as diferenzas, provocando unha importante fragmentación.

MODEPEN decidiu manterse como organización soberana, non definirse a favor de ningunha das dúas coordinadoras resultantes (COESPE Oficial, COESPE Unidade) e promover, até onde for posíbel, a unidade de acción entre todas as plataformas de pensionistas das distintas nacións e autonomías.

A fragmentación do movemento tocou, aínda que levemente, á nosa organización co abandono da plataforma de Lugo e a non integración da plataforma de pensionistas de Santiago.

Na asemblea celebrada en 2020, decidimos abrir un novo campo reivindicativo: a esixencia de construción dun servizo 100% público de axuda á autonomía e á dependencia.

A iniciativa das plataformas locais, especialmente de Ferrol e A Coruña, abriu outra fronte reivindicativa, a denuncia das comisións bancarias, a esixencia de que se faga real a conta corrente básica, e a proposta de creación dunha banca pública galega.

En novembro de 2020, o pleno do Congreso aprobou as recomendacións do relatorio do Pacto de Toledo. En xuño de 2021, os grandes sindicatos estatais (CC.OO. e UGT), o Goberno e a patronal asinaron un acordo que concreta esas recomendacións. MODEPEN denunciou nun documento as insuficiencias do acordo. O ministro da Seguridade Social,



J.L. Escrivá, anunciou que promoverá un gran fondo de pensións de capitalización de "iniciativa pública e xestión privada".

O 2 de decembro de 2021, o Congreso de deputadas e deputados aprobou a Lei de garantía de poder adquisitivo das pensións e doutras medidas de reforzo da sustentabilidade financeira e social do sistema público de pensións.

No ano 2022, afrontamos batallas decisivas de cara a:

- Esixir a modificación da nova redacción do artigo 58 da LXSS para garantir o mantemento do poder adquisitivo das pensións .
- Respecto do novo mecanismo de equidade inter-xeracional , premer para que entre as dúas opcións que abren, se elixa o aumento de recursos do sistema para garantir pensións públicas dignas no futuro. Desde 2008 até 2022 a partida dedicada ao pagamento das pensións como porcentaxe do PIB aumentou un 50%, pasando do 8,5% ao 12,8% do PIB. Nas próximas décadas aumentará a porcentaxe de persoas maiores de 65 anos sobre a poboación total. A CE preme para conxelar a partida dedicada a pensións. O MSDPP debe traballar para aumentar a porcentaxe de PIB dedicada ao pagamento das pensións.
- Frustrar o intento de Escrivá de iniciar a privatización das pensións mediante a promoción dos plans privados de empresa (recomendación 16 do Pacto de Toledo), que analizamos nun documento específico publicado en xaneiro.
- Eliminar os mecanismos de redución da pensión anticipada ás persoas cunha longa carreira de cotización, e a todas aquelas persoas que por cuestións alleas á súa vontade levan anos no paro.
- Loitar para que non se alargue o número de anos de cotización sobre os que se calculará a base reguladora das pensións.

Ademais reiteramos que:

- As reformas de 2011 e 2013 non foron derrogadas.
- Centos de milleiros de pensionistas na Galiza e millóns no Estado español perciben pensións insuficientes.
- As pensións das mulleres continúan a ser moi inferiores ás masculinas, unha clara manifestación da discriminación económica de xénero.
- As pensións galegas continúan a ser as segundas máis baixas do Estado, unha consecuencia da desigualdade territorial que tende a intensificarse cunha concentración crecente da actividade económica e a riqueza en Madrid.
- O PIB por persoa en Galicia en 2022 é de case 25.600 euros anuais, o PIB por persoa no Estado español é de case 27.900 euros. Este nivel de riqueza permite manter un sistema suficiente de protección social. Para melloralo será imprescindible reducirmos os intolerábeis niveis de desigualdade e de explotación, aumentando os salarios, especialmente os máis baixos, e realizando unha reforma fiscal radical que faga pagar máis aos máis ricos e ás grandes empresas. As traballadoras e traballadores hoxe xubilados contribuíron a crear a actual capacidade produtiva, o que lles dá dereito a percibir unha parte suficiente da riqueza socialmente producida en forma de pensións públicas.



4ª FASE.

A aprobación en marzo de 2023 do RDL 2/2023 que completa o conxunto de leis sobre a reforma das pensións, pon de relevo unha serie de aspectos, tanto positivos coma negativos, que deberán marcar a nosa axenda a curto e medio prazo.

Por unha banda, a presión exercida nas rúas e ante as institucións polo movemento pensionista deu os seus froitos:

- As pensións revalorizaranse anualmente segundo o IPC.
- O Goberno xa non fala, polo menos explicitamente, de que o sistema público de pensións é insostible e que hai que reducir o gasto en pensións, senón de aumentar os ingresos para mantelo. Para elo utilizaranse tres vías: incrementando o tope máximo das cotizacións; mediante a "cotización adicional de solidariedade", que gravará ás retribucións que superen o tope máximo de cotización; e aplicando un novo imposto sobre o salario, o "Mecanismo de Equidade Interxeracional".
- Adóptanse medidas, aínda que insuficientes, para aumentar as pensións mínimas, de viuvez e non contributivas, e para reducir a fenda de xénero.
- Dótase de ingresos fixos ao Fondo de Reserva da SS (a "hucha" das pensións) e se desbota usalos para outros fins que non sexan o pago das pensións contributivas (gastos impropios). O goberno a través do Ministro da Seguridade Social admitiu unha débeda de mais de 140.000 millóns de euros nestes gastos.

Por outra parte, a lei vén a aumentar o período para o cálculo da base reguladora para as pensións futuras, pasando dos 25 anos actuais a 29, dos que se poderán descontar as vinte e catro mensualidades de menor cotización. Ademais, non derroga os recortes introducidos nas leis anteriores, nin elimina os coeficientes reductores que penalizan as longas carreras laborais.

Xa que logo, as nosas accións futuras deberán incidir principalmente en:

- Conseguir que ningunha persoa pensionista perciba menos do salario mínimo interprofesional.
- Que se leve a cabo a auditoría das contas da SS aprobada no Parlamento.
- Que se eliminen as condicións que gravan as carreiras laborais de 40 e máis anos.
- Que se remate coa fenda de xénero nas pensións e nos salarios.
- Que se derroguen os recortes recollidos nas leis dos gobernos de Zapatero e Rajoy.
- Impedir calquera xeito de privatización das pensións.
- Estreitar lazos cos movementos sociais e de pensionistas internacionais para dotarnos de maior forza nas reivindicacións que nos son comúns.

VALORACION DA SITUACION ACTUAL tras a aprobación do RDL 2/2023.

Melloras:

- a) A revalorización anual das pensións para manter o seu poder adquisitivo, cunha suba do 8,5% dende xaneiro de 2023, e arredor do 15% nas pensións mínimas.
- b) A diminución da fenda de xénero, aplicando cómputos máis favorables das



lagoas de cotización -períodos non cotizados absolutamente ou en xornadas parciais-, e o complemento por fillos/as como medida de discriminación positiva, mentras a diferenza nas pensións entre homes e mulleres sexa igual ou superior ao 5%.

c) Refórzase a sostibilidade financeira do sistema da SS porque:

- Fican definitivamente fóra dos gastos da SS as chamadas prestacións impropias (pensións non contributivas, complementos para garantir un mínimo...) e se aumentan os ingresos: elevando progresivamente a base máxima de cotización (en cantidade superior á súa repercusión na pensión), e creando unha cotización nova de "solidariedade", que grava o exceso entre esa base máxima e o salario real do traballador/a que a cobre (o que supón unha medida progresiva), e esa cantidade nutrirá o Fondo de Reserva da SS.

- Substitúese o "factor de sostibilidade" (polo que se pretendía diminuír a pensión inicial da chamada "xeración do baby boom" en función da esperanza de vida prevista para ela) polo "Mecanismo de Equidade Interxeracional", inaugurando unha cotización específica para isto.

Cuestións negativas pendentes:

- a) O aumento dos anos tomados en conta para o cálculo da base reguladora, que pasou de 15 a 25 anos e apunta a 27 no futuro.
- b) A idade para xubilarse, que non son os 65 anos senón os 67, sen unha regulación axeitada das esixencias necesarias para o desenvolvemento das diferentes tarefas (coeficientes de redución da idade por penosidade, perigosidade, toxicidade...).
- c) A persistente opacidade no fomento de fondos de pensións complementarias, a traveso dos Convenios Colectivos de Emprego, de xestión privada e que ameazan un desvío do aforro mediante incentivos fiscais ás empresas.
- d) A pensión de xubilación anticipada sen penalizar, cando haxa unha carreira laboral de 40 anos cotizados.
- e) A omisión dunha reforma fiscal progresiva radical.
- f) Os traballadores/as xa xubilados contribuíron a crear a actual capacidade produtiva e esa contribución dálles dereito a percibir e disfrutar unha parte da riqueza socialmente producida, a través dunhas pensións públicas suficientes.

PRINCIPIOS E OBXECTIVOS.

Principio 1. O Movemento Galego pola Defensa do Sistema Público de Pensións (MODEPEN) continúa a loitar polos seus obxectivos fundacionais:

- Defender os dereitos das persoas hoxe xubiladas e pensionistas.
- Loitar polo mantemento dun Sistema Público de Pensións (SPP) de reparto que garanta unhas pensións dignas no presente e no futuro. Por esta razón MODEPEN oponse aos fondos privados de capitalización e aos intentos de privatización dos servizos públicos e das prestacións sociais.
- Contribuír á mellora dun sector público de auxilio á autonomía e dependencia das persoas maiores, con centros axeitados (de día, de axuda a domicilio, residencias con suficiente número de prazas accesibles pola súa localización, asequibles polo seu precio e



con calidade dos servizos, cunha ratio axeitada tanto de persoal sanitario como laboral.

Principio 2. MODEPEN considera que o dereito a uns cuidados adecuados no solpor da vida, debe ser recoñecido como un dereito cidadán real, e constituír o 4º pilar do Estado de Benestar, xunto co ensino a sanidade, e as pensións públicas.

Principio 3. Para conseguir os seus obxectivos MODEPEN constitúese como organización soberana galega e participa no MSDPP. Fronte a un horizonte socioeconómico de considerable incertidume para o mundo do traballo, MODEPEN reafírmase na súa condición de movemento social permanente, para contribuír ao desenvolvemento da conciencia crítica da sociedade e dar sentido organizativo á mobilización social. Todo, como resposta un contexto histórico que reclama como nunca de movementos sociais fortemente afianzados nunha estratexia común impulsora de profundos cambios sociais

Principio 4. MODEPEN é unha asociación en defensa das pensións públicas. Agora non estamos loitando só para nós, para conseguirmos o noso convenio colectivo sectorial, senón que pretendemos interesar tamén á poboación nova. Loitamos para que teñan prestacións sociais, afianzando e mellorando un sistema público sostible de pensións de reparto, para que como en Francia se preocupen e se mobilicen pola súa defensa. Debemos facer un traballo de concienciación, de pedagogía, sobre dito sistema, para que coñezan o seu valor individual e social, a solidariedade interxeracional que supón e que adopten estas reivindicacións como súas e para defenderen o seu futuro. MODEPEN considera imprescindible ofrecer formación acerca da Seguridade Social e o sistema público de pensións.

TÁBOA REIVINDICATIVA.

Bloque Legal

1. Blindar as pensións na Constitución para que queden recollidas como un dereito constitucional e incluílas nos Orzamentos Xerais do Estado.
2. Restablecer a xubilación ordinaria aos 65 anos. O parlamento do Estado constituirá unha comisión para estudar o adianto da xubilación antes dos 65 anos tendo en conta a taxa de paro total, a taxa de paro xuvenil, a taxa de actividade feminina e a necesidade de reducir o nivel de produción e consumo de acordo coas esixencias da transición ecolóxica. Tendo en conta os mesmos criterios, reavaliaranse os coeficientes redutores profesionais.
3. Xubilación anticipada sen penalización con 40 ou máis anos cotizados igual ao 100% da base reguladora.
4. A derogación da Lei de regulación para o impulso dos plans de pensións de emprego, de 30 de xuño de 2022 e a creación dun fondo de pensións de promoción, depósito e xestión pública para investir na transición enerxética e financiar a constitución dunha Empresa Pública Galega da Enerxía.
5. Anulación do Produto Paneuropeo de Pensións Privadas (PEPP).
6. Derrogación da reforma do artigo 135 da Constitución española.
7. Derrogación das reformas das pensións de 2011 e 2013.
8. Bloque Económico
9. Pensión mínima de 1084€, o 60% do salario medio, que garanta unha vida digna

segundo os criterios da Carta Social Europea.

10. Recuperación do poder adquisitivo perdido desde 2011.
11. Reforma fiscal radical para construír un sistema progresivo que garanta ingresos suficientes para financiar sistemas 100% públicos de sanidade, educación, dependencia y pensións, e para erradicar totalmente a pobreza, así como para a crecente necesidade de intervención pública en la economía.
12. As contas bancarias nas que se ingresen as pensións das persoas pensionistas estarán libres de todo tipo de gastos e comisións. O Banco de España debe xogar un papel de maior control da banca para garantir que desaparezan este tipo de prácticas de extracción de rendas que afectan sobre todo aos grupos sociais máis vulnerábeis.
13. Esiximos que a Banca adopte, e o Goberno vixie, que se toman as medidas necesarias para que a atención aos clientes sexa como no pasado, presencial e personalizada, evitando así as nefastas consecuencias para as persoas maiores pola súa dificultade para usaren os medios dixitais.
14. Oferta real por todas as entidades financeiras da conta básica europea.
15. Derrogación de todas as reformas laborais, incluídas a de 2010 e sobre todo a de 2012, que reduciron a capacidade de negociación colectiva dos salarios e das condicións laborais de todos os traballadores e traballadoras, e facilitaron a redución de salarios e o deterioro das condicións de traballo.
16. Unha vez realizada a auditoría de ingresos e gastos da Seguridade Social entre 1967 e 2018, esiximos que se ingrese no Fondo de Reserva da Seguridade Social a débeda resultante.

Bloque Social

1. Homologación das prestacións a niveis da Carta Social Europea.
2. Desaparición da fenda de xénero nas pensións.
3. As pensións non contributivas pagaranse con cargo aos Orzamentos xerais do estado nunha contía que ha de ser Suficiente para poder vivir con dignidade segundo os criterios homologados da Carta social europea. A pensión non contributiva é un dereito individual e, por tanto, nacerá cando a persoa, independentemente da súa situación familiar ou de convivencia, acade a idade legalmente establecida e non cobre ningunha pensión de carácter contributivo, ou se confirme a situación de discapacidade que xere o dereito a cobrala.
4. Eliminación de todo tipo de copagamento e restablecemento dos dereitos sanitarios.
5. Derrogación da Lei 15/97 de "Novas Formas de Xestión no Sistema Nacional de Saúde".
6. Modificación do artigo 90 da Lei 14/1986 Xeral de Sanidade, relativo aos concertos para a prestación de servizos sanitarios entre as Administracións Públicas Sanitarias e as empresas privadas, co obxectivo de evitar o actual uso abusivo deses concertos que están a permitir un desvío de recursos económicos fraudulento desde a sanidade pública á sanidade privada.
7. Garantía das subministracións básicas (enerxía, auga, transporte, vivenda, cultura e



ocio) a toda a poboación.

8. Exiximos ao goberno que garanta que as Administracións Públicas ofrezan atención presencial e personalizada para todas as persoas, así como dixital para quen así o prefira, evitando así as nefastas consecuencias para todas as persoas mais desfavorecidas: maiores, migrantes, xente no paro, etc, pola súa dificultade para usaren os medios dixitais e ter que depender de familiares ou amizades no mellor caso, incluso gravar cos gastos innecesarios de xestión cando non hai unha posibilidade de axuda.

9. Derrogación da "Lei Mordaza", oficialmente denominada Lei Orgánica 4/2015 de protección da seguranza cidadá, que supón un intolerábel recorte dos dereitos da cidadanía.

Bloque de Servizos Sociais

10. MODEPEN denuncia a actual situación dos servizos sociais dedicados aos maiores e dependentes, en Galicia e no Estado Español. Eses servizos caracterízanse pola súa enorme privatización, un custe elevadísimo, e unha falla nas vías de participación na xestión por parte das persoas usuarias e familiares, que fai moi difícil o acceso a eles, así como pola enorme fraqueza dos de titularidade e xestión públicas.

11. MODEPEN considera que a actual Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia (Lei de Dependencia ou LAPAD), crea unha "rede de utilización pública" que inclúe e equipara aos centros públicos cos privados concertados (con prazas financiadas publicamente), que poden ser tanto Con ou Sen ánimo de lucro. Esta lei de dependencia debe ser derogada e substituída por outra que aposte decididamente por uns servizos de dependencia 100% públicos, nos que os intereses das persoas se sitúen por enriba do obxectivo de obter beneficios económicos das empresas.

12. MODEPEN defende a creación dun "Sistema Galego para a Autonomía Persoal e a Atención á Dependencia" (SGAAD), que ofertará servizos caracterizados por ser 100% públicos, de cobertura universal, de calidade contrastada, participados democraticamente na súa xestión, adecuadamente financiados, plenamente gratuítos na súa parte de coidados, e que contén con ratios de profesionais suficientes debidamente formados e cunhas condicións laborais e salariais dignas. O SGAAD, estarán baseados no principio de "envellecer na casa" e terán o seu alicerce nuns fortes servizos de Proximidade (Servizos de Axuda no Fogar, Centros de Día, Teleasistencia, ...) que procuren adiar a "institucionalización" (ingreso nunha residencia) até o momento no que xa non sexa viábel manter á persoa usuaria no seu domicilio.

13. MODEPEN defende a existencia dun "Servizo Galego de Atención Pública á Dependencia" (SERGAPAD) no que, de xeito similar ao que sucede na sanidade, se integren o conxunto dos recursos públicos asistenciais da dependencia de Galicia, de xeito que estean dotados de coherencia estratéxica e dunha xestión coordinada, superando a actual fraqueza e fragmentación dos recursos públicos galegos dedicados á dependencia.

14. MODEPEN denuncia o infrafinanciamento crónico da dependencia por parte del goberno central, especialmente marcada desde a aprobación do RD-Lei 20/2012. Nos 8 anos transcorridos desde este último RDL, o recorte acumulado da Administración Xeral do Estado ascende a 5.864 millóns de euros, dos que 227 corresponden á CC.AA. de Galicia.

15. MODEPEN considera imprescindible a existencia dun forte movemento social que reivindique Servizos Sociais Plenamente Públicos para maiores e dependentes (Residencias, Servizos de Atención Domiciliaria, Centros de Día, Teleasistencia Avanzada ...), e aposta e traballa para construír ese grande movemento social que debe caracterizarse por ser amplo, unitario e transversal.

16. MODEPEN denuncia a situación da Listas de Agarda da Dependencia, e esíxelle á Xunta de Galicia a súa desaparición. Nestas Listas hai na actualidade case 9.000 galegas e galegos e máis de 265.000 cidadáns do estado español. Trátase de persoas que teñen recoñecido o dereito ás prestacións de dependencia, mais que non as reciben. En 2019 morreron aproximadamente 1.900 persoas que estaban nesa situación en Galicia, e 38.000 en todo o estado.

Bloque autonómico

A sociedade galega é unha sociedade envellecida como consecuencia da dependencia económica e a emigración endémica que provoca. O saldo vexetativo, nacementos menos defuncións, é negativo desde 1988. Nas dúas últimas décadas intensificouse a privatización e centralización de sectores económicos estratéxicos, nomeadamente o financeiro e o enerxético. A importancia histórica do sector primario reflíctese no peso dos réximes do mar e agrario. O resultado destes factores é que as pensións galegas son as segundas máis baixas de todas as comunidades autónomas. Esta tendencia só pode revertirse cunha mudanza do modelo económico para o que será necesaria a recuperación con carácter público de sectores estratéxicos como o financeiro e o enerxético e a iniciativa pública para a creación de emprego en actividades produtivas de bens e servizos social e ecoloxicamente útiles, con salarios dignos.

MODEPEN reivindica:

- Estabelecemento de complementos para as pensións máis baixas por parte da Xunta de Galicia.
- MODEPEN apoia a loita dos emigrados retornados de Noruega para que o Estado noruegués lle recoñeza o dereito á percepción dunha pensión.
- Revisión dos sistema de cobertura dos medicamentos asociados a procesos crónicos.
- Ampliación das coberturas, introducindo as relacionadas co coidado dental, a podoloxía e as próteses auditivas e visuais.
- Estabelecemento dunha tarxeta do pensionista con coberturas para o uso do transporte público e a acceso aos bens culturais subvencionados ou xestionados pola Administración.

ACABAR COA FENDA DE XÉNERO NAS PENSÍONS.

As mulleres perciben pensións máis baixas que os homes. As principais causas desta diferenza son:

- A taxa de actividade feminina é inferior á masculina.
- A taxa de paro entre as mulleres é máis alta que a dos homes.
- Os contratos temporais e a tempo parcial concéntranse nas mulleres.
- Os salarios dos homes son superiores aos das mulleres.

Se sumamos o traballo retribuído de mercado, o traballo doméstico e o traballo de



coidados, as mulleres traballan máis horas que os homes. Sen embargo, os seus ingresos por salarios e pensións son inferiores aos masculinos. Esta discriminación económica debe acabar. MODEPEN reivindica:

- A curto prazo, que se adopten medidas legais para ir pechando a fenda de xénero:
- O recoñecemento como anos cotizados dos anos en que as mulleres abandonaron o mercado de traballo para coidar das fillas e fillos e de persoas maiores dependentes. Trátase de compensar un tempo que foi útil para a familia e a sociedade en xeral, que a privou dunha carreira profesional na que tería cotizado.
- Suba da porcentaxe do haber regulador percibida como pensión de viuvez.

A medio e longo prazo:

- Con respecto ás mulleres que aínda non son pensionistas:
 - Hai que subliñar a conveniencia dunha formación polivalente que posibilite traballos en mellores condicións.
 - Aínda que as mulleres realizaron un grande esforzo de formación a diferenza céntras hoxe nas eleccións profesionais, hai profesións consideradas masculinas e outras femininas. Os traballos "femininos" reciben peores remuneracións.
 - Hai que facer visíbel e retribuír as tarefas de coidados. Deben ser repartidas na comunidade de xeito que non supoñan menoscabo das cotizacións, nin penalicen ascensos, nin nomeamentos. Fagamos realidade a conciliación laboral e familiar.
 - Nas pequenas empresas familiares hai que acabar co abuso de que só cotice como autónomo o home.
 - Apoiamos unha política para socializar o traballo de coidados:
 - Universalización da atención ás crianzas de 0-3 anos.
 - Creación do SGAAD (Servizo Galego de Atención á Dependencia).
 - Universalización dos comedores escolares.
 - Política decidida de promoción da igualdade no traballo nos convenios colectivos.

Os homes teñen que concienciarse da súa plena integración no traballo doméstico, reprodutivo e de coidados.

No novo contrato social que pretendemos, a xornada laboral de homes e mulleres debe deixar suficiente tempo para a vida persoal e social. Rebelándonos non só contra a precariedade salarial, senón contra a precariedade da vida.

O MODEPEN terá que dar exemplo de favorecer e promover a presenza de mulleres nos seus ámbitos de debate e goberno.



ANEXO

OUTRAS CUESTIÓNS E VALORES QUE NOS PREOCUPAN E INTERESAN.

Aínda que sexamos pensionistas non deixamos de ser cidadás e cidadáns deste país e deste tempo polo que temos que abrírnos a outras perspectivas e problemas.

A.- PACIFISMO

Declaramos que non existen "guerras xustas" e que toda guerra é unha derrota da humanidade; que o pacifismo e o antimilitarismo son a única vía de pensamento e acción moralmente aceptable.

Porque no tema da paz non podemos ser equidistantes e non queremos ser cómplices co noso silencio do espallamento da industria da morte, reiteramos a nosa aposta decidida polos principios do humanismo pacifista, rexeitamos a guerra como vía de solución dos conflitos, defendemos o valor da diplomacia entre os pobos e, coherentemente, rexeitamos o incremento dos orzamentos en gastos militares, que deberan ser destinados a asuntos sociais.

B.- FEMINISMO

As mulleres somos a metade da humanidade. O feminismo é unha esixencia democrática de igualdade entre os sexos. O patriarcado secular no que nacemos e que nos educou, a vós e a nós, fai que pareza natural que as mulleres teñamos que soportar a subsidiaridade, a inferioridade (o segundo sexo) e a desigualdade na nosa vida, tanto no ámbito familiar coma na presenza en instancias públicas e laborais. Hai outras olladas, outros exemplos, paga a pena írmonos interesando na aparición de novas masculinidades non tóxicas como novos referentes de homes, sobre todo no ámbito educativo.

C.- CUESTIÓNS ECOLÓXICAS

O futuro sostible do planeta estase esgotando pola avaricia insensata do capitalismo. Ademais, a industria da publicidade, a influencia constante dos medios de comunicación, e a omnipresencia de internet transfórmanos de cidadás e cidadáns en consumid@rs compulsiv@s.

Temos o reto de construír un sistema enerxético alternativo en beneficio das necesidades colectivas e das comunidades rurais e urbanas, engadindo ao cálculo mercantil a valoración do dano que poida provocar na flora, na fauna, na paisaxe e na poboación. O dano ambiental intensifícase, a eazando o futuro ecolóxico da hmanidade. Non negamos que haberá que encarar sacrificios, porque os cambios os provocan, pero deberán reducirse ao máximo e compensalos axeitadamente.

En calquera caso, debemos optar por un decrecemento produtivo mediante certa austeridade individual e colectiva que nos leve a rebaixar o consumo, sen admitir a postura egoísta de "eu pago e podo permitirmo", xa que o consumo excesivo dos privilexiados é un expolio para a cidadanía.

ooooooooooooOOOOOOOOOOoooooooooooo